

Historia do mundo contemporáneo

1º BACHARELATO

LIBRO DE TEXTO:

UNIDADES DIDÁCTICAS:

UNIDADE 1. A REVOLUCIÓN FRANCESA E O IMPERIO:

Desenvolvementos/contidos mínimos: 1.-*A crise do Antigo Réxime*; 2.-*Os inicios do parlamentarismo: Inglaterra e Estados Unidos*; 3.- *A Revolución francesa: a monarquía constitucional, a república*; 4.- *O imperio napoleónico*. **Criterios de avaliación:** Identifica os trazos políticos máis significativos do Antigo Réxime. Describe as estruturas sociais e económicas do Antigo Réxime. Sinala as principais características do pensamento ilustrado. Identifica as causas do proceso de independencia en América do Norte. Desenvolve os principios básicos da Constitución americana de 1787. Sitúa cronoloxicamente personaxes e acontecementos da Revolución francesa. Valora a política de Napoleón na Europa da súa época. Explica as repercusións da Revolución francesa.

UNIDADE 2. A NOVA ERA INDUSTRIAL

Desenvolvementos/contidos mínimos: 1.-*Revolución agrícola e crecemento demográfico*; 2.- *Unha nova fonte de enerxía: o vapor*; 3.- *As novas industrias*; 4.- *Liberalismo económico e capitalismo*. **Criterios de avaliación:** Identifica os cambios dende as economías preindustriais ata a revolución industrial británica. Enumera as transformacións agrarias en Gran Bretaña. Sitúa no tempo e no espazo os avances nas tecnoloxías para a produción industrial. Valora o papel do comercio e dos transportes (ferrocarril) na transformación industrial. Define os conceptos protoindustrialización, liberalismo económico e proteccionismo. Elabora e interpreta gráficos e datos estatísticos relacionados coa demografía e a produción industrial. Analiza fontes de información sobre algúns aspectos do proceso industrializador.

UNIDADE 3. OS MOVEMENTOS SOCIAIS

Desenvolvementos/contidos mínimos: 1.-*A nova sociedade industrial e o crecemento urbano*; 2.- *As primeiras organizacións obreiras*; 3.- *Propostas revolucionarias*; 4.- *A consolidación dos partidos e sindicatos obreiros*; 5.- *O primeiro feminismo: a conquista do dereito a voto*. **Criterios de avaliación:** Explica os trazos que caracterizan o modo de vida da burguesía. Indica as características do modo de vida da clase obreira. Explica a orixe do movemento obreiro. Enumera as diversas formas de organizacións obreiras no inicio do movemento. Explica en que consisten as ideoloxías: socialismo, marxismo e anarquismo. Analiza as formas de presión social que utiliza o movemento obreiro.

UNIDADE 4. MOVEMENTOS LIBERAIS E NACIONAIS

Desenvolvementos/contidos mínimos: 1.- *O retorno a vella orde (1815-1830)*; 2.- *As revolucións de 1848*; 3.- *A unificación de Italia e de Alemaña*; 4.- *Os novos Estados liberais*; 5.-*Os vellos imperios: ruso, austrohúngaro e otomán*; 6.- *Os Estados extraeuropeos: Xapón e os Estados Unidos*. **Criterios de avaliación:** Identifica os trazos que definen a época da Restauración. Explica os principais trazos das revolucións de 1820 e 1830. Sinala os factores do proceso emancipador de Hispanoamérica. Describe os feitos revolucionarios que aconteceron en Europa en 1848. Explica os principais acontecementos da unificación alemá. Explica as etapas da unificación italiana. Sinala os antecedentes dos problemas existentes na Europa balcánica.

UNIDADE 5. INNOVACIÓN E DOMINIO COLONIAL

Desenvolvementos/contidos mínimos: 1.- *Crecemento demográfico*; 2.- *A Segunda Revolución industrial*; 3.- *As causas do imperialismo*; 4.- *Os imperios territoriais*. **Criterios de avaliación:** Explica as características da industrialización nos principais países. Enumera as características que definen o concepto Segunda Revolución Industrial. Diferencia conceptos e feitos relacionados coa colonización: colonia, metrópole e imperialismo. Explica a repartición de África. Analiza as traxectorias coloniais das principais potencias europeas e as relacións entre estas. Comprende como a Inglaterra vitoriana, Francia e Alemaña modificarán o equilibrio de poderes en Europa. Analiza a evolución política dos vellos imperios europeos: austrohúngaro, ruso e turco. Comprende que as relacións das potencias europeas entre 1870 e 1914 foi un factor determinante da Primeira Guerra Mundial.

UNIDADE 6. O OCASO DOS IMPERIOS

Desenvolvementos/contidos mínimos: 1.- *As causas da 1ª Guerra Mundial*; 2.- *O desenvolvemento da Primeira Guerra Mundial*; 3.- *A Rusia tsarista*; 4.- *As revolucións rusas de 1917*; 5.- *A guerra civil e a creación da URSS*. **Criterios de avaliación:** Enumera as principais causas que provocaron a Primeira Guerra Mundial. Identifica bloques antagónicos, escenarios e características diferenciadoras da 1ª Guerra Mundial. Describe a situación de Europa tras as paces que puxeron punto final ao conflito. Relaciona a consolidación da paz coa Sociedade de Nacións. Analiza fotografías da contenda e comenta mapas, gráficos, estatísticas e táboas demográficas. Identifica as características da Rusia tsarista. Comenta as causas e describe o desenvolvemento da Revolución Rusa de 1917. Explica as consecuencias do proceso revolucionario. Identifica os principais personaxes da Revolución Rusa. Explica a URSS como un novo modelo social e político.

UNIDADE 7. O MUNDO DESPOIS DA GRAN GUERRA

Desenvolvementos/contidos mínimos: 1.- *Os anos da posguerra*; 2.- *Do pesimismo á esperanza*; 3.- *A irrupción da sociedade de masas*; 4.- *A crise de 1929*; 5.- *A Gran Depresión e o New Deal*. **Criterios de avaliación:** Enumera os factores que caracterizan a etapa de prosperidade económica dos anos vinte. Identifica as causas que desencadearon a crise económica. Sitúa cronoloxicamente a Gran Depresión. Explica o proceso da Gran Depresión o seu desenvolvemento e as súas consecuencias. Define conceptos relacionados com: ciclos económicos, crise financeira, crise de superproducción. Interpreta gráficos sobre a economía dos anos trinta. Valora as consecuencias sociais da crise.

UNIDADE 8. O AUXE DOS TOTALITARISMOS

Desenvolvementos/contidos mínimos: 1.- *O retroceso das democracias en Europa*; 2.- *Stalin e o totalitarismo soviético*; 3.- *A Italia fascista*; 4.- *A nazificación de Alemaña*. **Criterios de avaliación:** Explica as causas da aparición dos réximes ditatoriais na Europa dos anos vinte. Identifica as características que definen os réximes democráticos na primeira metade do século XX. Describe a situación das democracias europeas tras a Gran Guerra. Valora os problemas sociais da URSS na época estalinista. Identifica a ideoloxía que defende o fascismo italiano. Relaciona a aparición do nazismo coas consecuencias da Primeira Guerra Mundial.

UNIDADE 9. A SEGUNDA GUERRA MUNDIAL

Desenvolvementos/contidos mínimos: 1.- *As causas da guerra*; 2.- *A ofensiva nazi*; 3.- *A Europa nazi*; 4.- *Avance e vitoria dos aliados*; 5.- *As consecuencias da guerra*. **Criterios de avaliación:** Enumera as principais causas da Segunda Guerra Mundial. Sitúa no tempo e no espazo os procesos previos e o desenvolvemento da Segunda Guerra Mundial. Valora as repercusións que tivo a guerra nas poboacións dos países contendentes. Analiza fotografías, gravados ou carteis de propaganda sobre a contenda. Comenta gráficos, mapas, textos e datos estatísticos da guerra. Describe a situación de Europa e o mundo tras as paces que puxeron fin ao conflito.

UNIDADE 10. UN MUNDO DIVIDIDO EN BLOQUES

Desenvolvementos/contidos mínimos: 1.- *Os inicios da Guerra Fría*; 2.- *Un novo protagonista: China*; 3.- *Guerras quentes na Guerra Fría*; 4.- *As sociedades capitalistas*; 5.- *As sociedades comunistas*; 6.- *Auxe e crise da distensión*; 7.- *A caída do bloque soviético e a fin da Guerra Fría*. **Criterios de avaliación:**

Comprende o significado de Guerra fría e coexistencia pacífica. Analiza os principais conflitos existentes relacionándoos coas tensións entre Estados Unidos e a Unión Soviética. Explica o cambio de orientación na política de tensión dos bloques a partir dos anos cincuenta cando se inicia a coexistencia pacífica. Sinala características da evolución interna dos países occidentais durante a guerra fría. Identifica os problemas internos dos países da órbita soviética. Identifica os factores políticos que provocaron os primeiros desacordos entre os bloques. Explica as características da economía de cada un dos bloques enfrontados.

UNIDADE 11. DESCOLONIZACIÓN E NEOCOLONIALISMO

Desenvolvementos/contidos mínimos: 1.- *As causas da descolonización;* 2.- *Asia: as primeiras independencias;* 3.- *A Conferencia de Bandung e o non aliñamento;* 4.- *A descolonización de África;* 5.- *Independencia e neocolonialismo.* **Criterios de avaliación:** Identifica os factores determinantes que provocaron a descolonización. Explica conceptos relacionados coa descolonización: débeda externa, neocolonización, panafricanismo, *apartheid*, panarabismo, subdesenvolvemento. Recoñece os problemas do Terceiro Mundo. Sitúa no espazo e no tempo o proceso de descolonización. Analiza os problemas actuais de Asia buscando os seus antecedentes históricos. Ordena cronolóxicamente algúns procesos de descolonización en África e Asia. Explica os problemas políticos da África independente. Compara os diferentes procesos descolonizadores. Identifica as causas do conflito árabe-israelí.

UNIDADE 12. A CONSTRUCCIÓN DA UNIÓN EUROPEA

Desenvolvementos/contidos mínimos: 1.- *O proceso de construción da Unión Europea;* 2.- *O funcionamento da Unión Europea;* 3.- *O proxecto europeo ante os desafíos globais.* **Criterios de avaliación:** Coñece as orixes e o proceso de formación da Unión Europea e busca información sobre os países fundadores. Elabora un esquema conceptual das funcións das institucións da Unión Europea. Reflexiona sobre a cidadanía europea e os seus dereitos e deberes. Valora o papel xeopolítico que desempeña a Unión Europea na súa acción exterior. Identifica as debilidades e fortalezas da Unión Europea. Sitúa e pon nun mapa o nome das capitais dos Estados que pertencen á Unión Europea. Coñece os símbolos da Unión Europea.

UNIDADE 13. XEOPOLÍTICA DO MUNDO ACTUAL

Desenvolvementos/contidos mínimos: 1.- *Estados Unidos, primeira potencia mundial?;* 2.- *China, novo líder mundial;* 3.- *Rusia e conflitos post-soviéticos;* 4.- *A zona do Indo-Pacífico;* 5.- *Xeopolítica para o desenvolvemento: América e África.* **Criterios de avaliación:** Explica as consecuencias que tivo o ataque do 11-S na orde mundial. Analiza a importancia actual do desenvolvemento da área do Indo-Pacífico. Explica a aparición do fundamentalismo islámico no novo escenario internacional. Valora os procesos de cambio que se están a producir nos países de Europa do Leste e hispanoamérica. Explica a rivalidade xeoestratéxica entre Estados Unidos, China e Rusia. Indica as zonas actuais con maior inestabilidade e conflitos. Reflexiona sobre a aparición dunha nova orde mundial multipolar.

UNIDADE 14. OS DESAFÍOS DO MUNDO ACTUAL

Desenvolvementos/contidos mínimos: 1.- *O ecosistema tecnolóxico;* 2.- *O novo contexto socioeconómico. A aldea global;* 3.- *Posmodernismo e ideoloxías alternativas;* 4.- *Un planeta na corda frouxa.* **Criterios de avaliación:** Explica que é a globalización da economía mundial e comenta documentos que informen sobre a deslocalización empresarial. Coñece as principais consecuencias da economía globalizada. Reflexiona sobre os principais avances científicos e biotecnolóxicos e os problemas que poden producir. Valora os movementos migratorios actuais e as súas consecuencias.

UNIDADE 15. A ARTE NA IDADE CONTEMPORÁNEA

Desenvolvementos/contidos mínimos: 1.- *A arte da aristocracia: o Rococó;* 2.- *A volta á austeridade: o Neoclasicismo;* 3.- *O Romanticismo: unha exaltación dos sentimentos;* 4.- *Do Realismo ao Impresionismo;* 5.- *A arquitectura na segunda metade do século XIX;* 6.- *A arquitectura do s. XX* **Criterios de avaliación:** Sintetiza as características da arte rococó e xustifica por que é a arte da aristocracia. Explica contra que gustos estéticos reaccionou o neoclasicismo e como a nova arte reflicte

un espírito menos aristocrática e máis burgués. Resume os elementos característicos do Romanticismo. Explica por que se considera que o Impresionismo sentou as bases da revolución artística de principios do século XX. Señala a evolución da arquitectura nos séculos XIX e XX. Resume os diferentes movementos artísticos do século XX, indica que características teñen e analiza e comenta as obras máis significativas dos seus estilos e tendencias. Valora a contribución das novas tecnoloxías ao mundo da arte.

TEMPORALIZACIÓN

1ª avaliación: unidades 1-2-3 (setembro/outubro), 4-5- (outubro/novembro). Exame 1ª aval. en decembro.

2ª avaliación: Unidades 6-7-8 (decembro/xaneiro), 9-10 (febreiro/marzo). Exame 2ª aval. en marzo.

3ª avaliación: Unidades 11-12-13 (marzo/abril), 14-15 (maio). Exame 3ª aval. en maio.

AS TUTORÍAS LECTIVAS E DE ORIENTACIÓN: debido ao carácter semipresencial destas ensinanzas, as titorías lectivas supoñen una sesión semanal e nelas **trátanse os aspectos fundamentais** de cada tema, tratando de insistir especialmente nos contidos procedimentais e naqueles outros que resulten máis complicados. Asímesmo, existen titorías de orientación – luns 17:30 a 18:45 e venres 10:45 a 12:15– para que o alumnado poida plantexar as dúbidas e dificultades que vai atopando no estudo da materia ao longo do seu proceso de autoaprendizaxe.

PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN:

Haberá un exame de cada avaliación nas datas fixadas pola xefatura de estudos en decembro (10 a 15 de decembro), marzo (11 a 15 marzo) e maio (27 a 31 de maio, que será exame da terceira avaliación para os que teñan as anteriores avaliacións superadas, e exame final para aqueles que teñan pendente algunha das avaliacións). Os exames poderán conter cuestións de distinto tipo: definición de conceptos, explicación de acontecementos e personaxes históricos, desenvolvemento de temas, comentario guiado de textos, imaxes, mapas, gráficas,... Haberá unha proba de recuperación da 1ª aval a realizar xunto co exame da 2ª aval. en marzo e unha proba de recuperación da 1ª e 2ª aval xunto co exame da 3ª aval. en maio. A calificación final da asignatura será a media aritmética da puntuación obtida nas tres avaliación ou, no seu caso, a nota obtida no exame extraordinario do mes de xuño. En función da dispoñibilidade de elementos avaliados, poderá reservarse ata un 10% da nota da avaliación para a valoración de traballos e exercicios propostos.